



**FACULTADE DE CIENCIAS**

**GRAO EN ENXEÑARÍA  
DE  
PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS**

**D. Daniel Vilela Torrón**

**DESEÑO DO CARROZADO DUN CAMIÓN  
PARA LOXÍSTICA DE IOGURT**

Traballo Fin de Grao

Xuño 2021



## **RESUMO**

O obxectivo deste proxecto é a realización do deseño dun furgón isoterma-frigorífico homologado nun camión DAF LF 180. A empresa solicitante do carrozado decidiu aumentar a súa flota de vehículos debido a un aumento do reparto e destinará devandito camión ao transporte de iogur, por iso é necesaria a existencia dun equipo de frío.

O furgón deberase illar optimizando a perda de frío, aumentando o rendemento no aforro enerxético e considerando aspectos económicos en función dos materiais a empregar, equipo de frío e outros elementos da caixa isoterma-frigorífica. Os fabricantes de iogures recomendan que o transporte e conservación deben realizarse entre 1 e 8 °C, así na realización do deseño e cálculos empregarase como temperatura 4 °C. Para cumprir con estes requisitos realizásenos os cálculos oportunos cun illante URSA CTG-300 de 12 cm de espesor sendo o equipo de frío seleccionado un ZANOTTI SFZ 238.

Ademais, o furgón deberá constar dunha resistencia estrutural óptima. Por unha banda, está o sobrechasis que será necesario realizar para elevar o furgón e evitar así a colisión deste co paso de roda, será fabricado en perfil normalizado UPN 120; por outra banda, destaca a resistencia estrutural que debe presentar o furgón en si, que depende de reforzos interiores que se incorporen entre paneis, sistemas de ancoraxe, illante empregado...

A caixa isoterma-frigorífica será construída modularmente en diversas pezas que posteriormente se ensamblarán entre si grazas a perfís en L obtendo con estes un bo acabado estético.

Tamén se realizará unha instalación eléctrica interior que ten por obxectivo facilitar a carga e descarga, e unha instalación exterior que deberá cumprir coa normativa ao exceder os 2,1 m de ancho.

### **Palabras chave:**

- Carrozado
- Camión isoterma - frigorífico
- Sobrechasis
- Homologación de vehículos
- Iogur

## **RESUMEN**

El objetivo de este proyecto es la realización del diseño de un furgón isoterma-frigorífico homologado en un camión DAF LF 180. La empresa solicitante del carrozado decidió aumentar su flota de vehículos debido a un aumento del reparto y destinará dicho camión al transporte de yogur, por eso es necesaria la existencia de un equipo de frío.

El furgón se deberá aislar optimizando la pérdida de frío, aumentando el rendimiento en el ahorro energético y considerando aspectos económicos en función de los materiales a emplear, equipo de frío y otros elementos de la caja isoterma-frigorífica. Los fabricantes de yogures recomiendan que el transporte y conservación deben realizarse entre 1 y 8 °C, así en la realización del diseño y cálculos se empleará como temperatura 4 °C. Para cumplir con estos requisitos se realizarán los cálculos oportunos con un aislante URSA CTG-300 de 12 cm de espesor siendo el equipo de frío seleccionado un ZANOTTI SFZ 238.

Además, el furgón deberá constar de una resistencia estructural óptima. Por un lado, está el sobrechasis que será necesario realizar para elevar el furgón y evitar así la colisión de éste con el paso de rueda, será fabricado en perfil normalizado UPN 120; por otro lado, destaca la resistencia estructural que debe presentar el furgón en sí, que depende de refuerzos interiores que se incorporen entre paneles, sistemas de anclaje, aislante utilizado...

La caja isoterma-frigorífica será construida modularmente en diversas piezas que posteriormente se ensamblarán entre sí gracias a perfiles en L obteniendo con éstos un buen acabado estético.

También se realizará una instalación eléctrica interior que tiene por objetivo facilitar la carga y descarga, y una instalación exterior que deberá cumplir con la normativa al sobrepasar los 2,1 m de ancho.

### **Palabras clave:**

- Carrozado
- Camión isoterma - frigorífico
- Sobrechasis
- Homologación de vehículos
- Yogurt

## **ABSTRACT**

The objective of this project is to design an approved isothermal-refrigerated van on a DAF LF 180 truck. The company requesting the bodywork decided to increase its fleet of vehicles due to an increase in the distribution and will allocate said truck to transport yogurt, that is why the existence of a cold equipment is necessary.

The van must be insulated optimizing the loss of cold, increasing the performance in energy saving and considering economic aspects depending on the materials to be used, cold equipment and other elements of the isothermal-refrigeration box. Yogurt manufacturers recommend that transport and storage should be between 1 and 8°C, so in the design and calculations, 4°C will be used as temperature. To meet these requirements, the appropriate calculations will be made with a 12 cm thick URSA CTG-300 insulator, the cold equipment selected being a ZANOTTI SFZ 238.

In addition, the van must have optimum structural strength. On the one hand, there is the overframe that will be necessary to raise the van and thus avoid its collision with the wheel arch, it will be manufactured in UPN 120 standard profile; On the other hand, the structural resistance that the van itself must present stands out, which depends on internal reinforcements that are incorporated between panels, anchoring systems, insulation used ...

The isotherm-refrigeration box will be modularly built in various pieces that will later be assembled together thanks to L-shaped profiles, obtaining with them a good aesthetic finish.

There will also be an interior electrical installation that aims to facilitate loading and unloading, and an exterior installation that must comply with the regulations when exceeding 2.1 m in width.

### **Keywords:**

- Bodywork
- Isothermal – refrigerator truck
- Overframe
- Vehicle approval
- Yoghurt

# ÍNDICE XERAL

**I- Memoria**

**Anexos memoria**

**II- Planos**

**III - Prego de prescricións técnicas particulares**

**IV - Medicións e orzamento**

**V- Estudo básico de seguridade e saúde**

**VI - Bibliografía e videografía de referencia**

# I – MEMORIA

# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN .....	3
1.1 Obxectivo .....	3
1.2 Xustificación .....	3
1.3 Partes do documento.....	4
1.4 Cámaras frigoríficas.....	4
1.5 Selección da cámara a deseñar .....	5
1.6 Motivación e implicación .....	5
1.7 Antecedentes .....	5
1.8 Localización e emprazamento.....	6
1.9 Especificacións do encargo .....	6
1.10 Vehículo a carrozar .....	7
2. CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DO DESEÑO .....	7
2.1 Illante .....	7
2.2 Lámina de poliéster .....	9
2.3 Equipo de frío.....	9
2.4 Reparto de cargas .....	11
2.5 Homologación .....	12
3. Guía de selección.....	14
3.1 Compoñentes do furgón .....	14
3.2 Accesorios do furgón.....	17
4. Producción da caixa isoterma .....	21
4.1 Fluxograma.....	21
4.2 Calendario de actividades .....	22
4.3 Carpintería .....	22
4.4 Corte illante.....	24
4.5 Caldeirería .....	24
4.6 Prensas.....	26
4.7 Corte de paneis .....	27
4.8 Ensamblaxe de paneis.....	28
4.9 Portas .....	29
4.10 Acabados.....	32
4.11 Instalación eléctrica .....	33
4.12 Instalación de frío.....	39
5. Programas empregados.....	41

# 1. INTRODUCCIÓN

## 1.1 Obxectivo

Realizarase o deseño do carrozado isoterma-frigorífico homologado dun camión DAF LF 180 que será destinado a transporte de iogur. Debido ás necesidades de conservación da mercadoría a transportar será necesaria a realización dunha instalación de frío co equipo correspondente illando a caixa da mellor maneira posible e optimizando a perda de frío, co cal se obtén un maior rendemento no aforro enerxético.

Tamén é obxectivo deste proxecto que a caixa que se deseñe conste da suficiente resistencia estrutural e sexa capaz de soportar o peso da carga que transporte legalmente o devandito camión.

Coa incorporación deste vehículo homologado á frota que a empresa solicitante do proxecto posúe, permitiralles cumprir coas entregas previstas semanalmente xa que debido á recente COVID-19 non son capaces de cumprir.

## 1.2 Xustificación

Debido á internacionalización, é necesario que cada día evolucionen os medios de transporte para favorecer o bo estado no que chegan os alimentos ao seu destino.

Non todos necesitan de transportes específicos para que sexan recibidos en condicións óptimas, pero unha gran cantidade deles si.

Pódese dicir que o sistema que empregan a maioría de alimentos é o transporte frigorífico-isoterma, carnes, peixe, lácteos e derivados maioritariamente.

Este sistema caracterízase porque evoluciona cara a unha excelencia enerxética mantendo os alimentos en condicións óptimas durante máis tempo e reducindo perdas enerxéticas por intercambios de calor.

Co deseño a realizar lograrase alcanzar un coeficiente térmico “K” baixo para que a enerxía que requira o equipo de frío para manter os iogures no interior do furgón a temperatura idónea sexa a menor posible.

### 1.3 Partes do documento

Neste proxecto atoparemos os seguintes documentos:

- Resumo inicial
- Índice xeral
- Memoria
- Anexos memoria
- Planos
- Prego de prescricións técnicas particulares
- Medicións e orzamento
- Estudo básico de seguridade e saúde
- Bibliografía e videografía de referencia

### 1.4 Cámaras frigoríficas

Coñécese como cámara frigorífica un local de obra ou prefabricado con temperatura controlada. Xeralmente son empregadas en industria alimentaria ou farmacéutica [1].

En función do que se queira destinar a cámara frigorífica será necesario empregar diversos materiais que se determinarán durante o deseño previo á súa construción. Téñense en conta illantes de diversos materiais e espesores, humidade relativa e resistencia térmica, entre outros factores.

Diferéncianse tres tipos de cámaras en función da temperatura de traballo que posúen no seu interior:

#### → Enfriamento

O rango de traballo é de temperaturas positivas entre 2 °C e 15 °C sen que se produza nelas ningún cambio de estado.

#### → Refrixeración

Considérase calquera alimento refrixerado aquel que foi enfriado ata a temperatura óptima de almacenamento e é superior á do seu punto de conxelación. O rango de traballo oscila entre os 0 °C ata os -18 °C aproximadamente.

Neste tipo de cámaras prodúcese un cambio de fase debido a unha absorción de calor latente.

## → Conxelación

O rango de traballo deste tipo de cámaras é moito máis baixo, entre  $-18\text{ }^{\circ}\text{C}$  e  $-40\text{ }^{\circ}\text{C}$ . Tamén se produce un cambio de fase pola eliminación da calor latente e a principal utilidade son ámbitos comerciais e industriais.

## 1.5 Selección da cámara a deseñar

Neste proxecto vaise deseñar unha cámara de enfriamento (isoterma – frigorífica) que non se atopará nun local instalada senón que se deseñará para a súa colocación no chasis dun camión DAF LF 180 e servir así á empresa posuidora do camión na loxística de iogur (rango de conservación recomendado por fabricantes de  $1\text{ }^{\circ}\text{C}$  a  $8\text{ }^{\circ}\text{C}$ ) homologando o devandito carrozado para que a súa circulación por vía pública sexa legal.

## 1.6 Motivación e implicación

A realización deste proxecto supón un desenvolvemento dos coñecementos adquiridos ao longo da formación como futuro enxeñeiro, motivo polo que este traballo o afronto con motivación e implicación persoal.

Tamén me gustaría que no caso de levarse a cabo este proxecto puidese estar na zona de taller e fabricación xa que considero que aprendería moito e para futuros proxectos a súa realización sería algo máis sinxela. Outra motivación de querer controlar e formar parte do proceso produtivo é o meu gusto polas máquinas complexas e unha pequena experiencia con elas aínda que non sexa concretamente no sector do carrozado.

## 1.7 Antecedentes

Unha empresa dedicada á loxística de alimentos solicita orzamento da carrozaría dun camión que acaban de adquirir aumentando así a súa frota debido a un aumento de traballo en temporadas pasadas e que consideran que seguirán tendo.

Dado que o produto a transportar neste novo camión necesita frío, será necesaria a realización dunha caixa frigorífica-isoterma e tamén diáfana para que ningún obstáculo dificulte a carga e descarga da mercadoría.

As necesidades do furgón quedan recollidas no pedido e son susceptibles de pequenas modificacións que poidan xurdir durante a súa elaboración, téndose en conta as devanditas variacións no orzamento se fose conveniente.

Concretamente se coñecen como necesidades directas por parte da empresa propietaria do camión un largo exterior, ancho exterior e alto interior, tamén deberá posuír o furgón no seu interior bandas de amarre laterais para estibar así a carga e contribuír a unha correcta recepción da mercadoría e aumentar a seguridade durante o transporte.

Unha vez aceptado o orzamento, procederáse ao deseño da carrocería tendo en conta todas as especificacións acordadas e a normativa vixente que debe cumprir para a súa homologación.

## **1.8 Localización e emprazamento**

De cara á realización do estudo básico de seguridade e saúde, é necesaria a existencia dunha localización do desenvolvemento das actividades que conforman o proxecto. Neste caso terán lugar no polígono industrial do Ceao, Lugo. É escollida esta mesma localización para a realización deste proxecto da maneira máis real posible.

Levarase a cabo a carrocería dun camión DAF LF 180 de M.M.A 12 toneladas cun furgón isoterma-frigorífico destinado ao transporte de iogur na Comunidade Autónoma de Galicia (España) asumindo de cara os cálculos de frío e na determinación do equipo e illante unha temperatura promedio de 30 °C exteriores durante todo o ano aínda que se sabe que estas condicións non serán así xa que existen importantes fluctuacións de temperatura ao longo do ano.

## **1.9 Especificacións do encargo**

Este proxecto ten unha serie de características que marcan o deseño e posterior montaxe da caixa isoterma e o carrozado do vehículo.

As especificacións deste carrozado, como se indicou anteriormente, veñen establecidas pola empresa que adquiriu o camión a carrozar e son as seguintes:

Largo exterior: 6.000 mm

Ancho exterior: 2.400 mm

Alto interior: 2.000 mm

## **1.10 Vehículo a carrozar**

O vehículo a carrozar adquirido pola empresa solicitante trátase dun DAF LF180, vehículo ríxido 4x2 de 12 toneladas.

Será necesaria a realización dun sobrechasis para elevar o furgón isoterma para evitar unha posible colisión deste co paso de roda.

Tamén serán necesarios uns documentos que a propia empresa que realice a carrocería terá que cubrir e tramitar a documentación correspondente ao antedito furgón colocado no camión DAF LF 180, pero neste caso iso non o imos ver porque non está directamente implicado co deseño do furgón.

Engádesse ficha técnica do vehículo no Anexo I (*Ficha técnica DAF LF180*).

# **2. CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DO DESEÑO**

## **2.1 Illante**

O illante que se empregará no deseño do furgón é poliestireno extruído, tamén coñecido polas siglas XPS. Trátase dun produto que combina aspectos moi importantes coma unha elevada resistencia mecánica e baixa absorción de auga que fan que sexa este un material cunha durabilidade elevada con respecto a outros materiais illantes [2].

O proceso de fabricación deste material divídese en catro etapas:

- Extrusión a partir de resina de poliestireno.
- Expansión tras a adición dun axente espumante a temperatura e presión controladas.
- Estabilización na que se dá forma ao material conseguindo unha uniformidade e homoxeneidade.
- Mecanización na que se cortan os paneis ás medidas desexadas e mecanízanse rañuras para que no seu posterior uso en diversos campos non existan ocos nas unións entre paneis.

Todo produto de poliestireno extruído deberá vir co marcado CE xunto co nome, marca comercial e dirección do fabricante facendo referencia á norma UNE-EN 13164 coa descrición do produto xunto coas súas características.

A necesidade de que o furgón sexa resistente e consistente fai que o emprego do XPS como illante e tamén como elemento estrutural do sistema sexa a mellor opción, proporcionando así esa resistencia mecánica necesaria que á súa vez se traduce nunha longa vida útil.

No caso do poliestireno extruído, a absorción de auga é practicamente nula, cun valor inferior ao 3%, isto débese á súa estrutura celular totalmente pechada. Desta maneira evítase a absorción ao interior dos paneis do furgón, que acabarían provocando que se despegasen as láminas de poliéster interior e exterior e, á súa vez, un deterioro do material illante que se atopa entre ambas láminas.

A condutividade térmica tamén é fundamental, xa que estamos falando dun material illante que se destinará á construción dun furgón que transportará iogures e que necesitará conservar a temperatura no interior do mesmo para evitar o deterioro da mercadoría. A condutividade obtida dependerá do axente espumante engadido na etapa de expansión. Esta propiedade varía entre 0.029 e 0.036 W/m\*K.

Outra característica moi importante deste material é a resistencia á compresión, que determinará a capacidade de que o antedito material soporte cargas. De maneira xeneral, realízanse ensaios co obxectivo de provocar unha deformación dun 10% baixo unha compresión estándar de 300 kPa aínda que nalgúns casos se pode conseguir baixo presións de 500 e 700 kPa.

Debido a diversos aspectos comentados anteriormente, véxase a elevada resistencia mecánica, baixa absorción de auga e unha resistencia á compresión producindo deformacións do material dun 10% a presións de 300, 500 ou 700 kPa, procédese á selección dos illantes a empregar no deseño do furgón frigorífico-isotermo comparando fichas técnicas de distintos fabricantes, optando pola mellor opción e tendo tamén en conta a parte dos aspectos anteriores, pois trátase dun produto que tras a súa vida útil poderá ser reciclado, diminuíndo así o seu impacto no medioambiente.

Atendendo ás características mencionadas anteriormente, selecciónase como illante para o devandito furgón un XPS cunha resistencia á compresión de >700 kPa para a zona do chan do furgón, xa que será o que maior peso soporte, e para o resto de laterais e teito un de >300 kPa debido a que o esforzo que teñen que soportar é moito menor. Tamén é importante que ambos illantes sexan acanalados na súa superficie por ambos laterais para mellorar o agarre da cola coa que se vai adherir á posterior lámina de poliéster.

Aínda así, coñecendo as características anteriores comúns ao XPS, non todos nos serán útiles para a construción do furgón, será necesario ter en conta que o fluxo máximo de calor en cámaras de refrixeración é de 7 Kcal/h\*m<sup>2</sup> [3].

O illante escollido correspóndese co Anexo II (ficha técnica do illante empregado) e Anexo III (ficha de seguridade do illante empregado) e procederase á realización dos cálculos para a determinación do espesor de illante que se empregará na fabricación

do furgón recollidos no Anexo IV (cálculos da selección do espesor de illante). A selección dunha marca de illante en concreto débese a unha previa comparación de diversos illantes do mercado e os seus prezos, e de cara á realización do orzamento da maneira máis real posible; por iso se emprega unha marca en concreto tendo en conta que non terá que realizarse este proxecto con este mesmo illante, senón con calquera outro que reúna as mesmas características técnicas que quedan recollidas no Anexo II (ficha técnica do illante empregado).

## **2.2 Lámina de poliéster**

Posuirá cor branca e a súa superficie será lisa co obxectivo de que a limpeza sexa o máis sinxela posible. Esta lámina é de 1,5 mm xa que é o espesor máis axeitado na carrozaría do camión para permitir un fácil manexo da mesma.

Esta lámina encolarase aos paneis laterais do furgón unha vez realizados os marcos que os constitúen e o illante estea debidamente cortado ás medidas indicadas nos planos e incrustado nos ocos do marco.

Cortaranse as láminas cunha marxe de 2-3 mm máis de longo por cada lateral de cada panel para asegurar que este non quede escaso no seguinte proceso, que é o de prensado, xa que no momento en que se baixa a lona para facer o baleiro deixa de verse a lámina e non se sabe se se despraza algo ou non.

As características técnicas da devandita lámina incorpóranse ao proxecto no Anexo V (ficha técnica da lámina de poliéster), das que se terá en conta espesor e condutividade térmica para a realización dos cálculos de perdas de cargas térmicas co obxectivo da selección do equipo idóneo. Igual que no caso do illante, a ficha técnica que se incorpora é para ter un produto de referencia que posteriormente se poida empregar para a realización do orzamento pero poderase empregar calquera outra lámina de poliéster que cumpra as mesmas características técnicas, aínda que sexa doutro fabricante.

## **2.3 Equipo de frío**

A correcta selección do equipo de frío para o furgón isoterma-frigorífico é unha parte do proxecto complexa pero ao mesmo tempo fundamental. Quérese obter unha temperatura no interior de 4 °C para manter en boas condicións o iogur e unha temperatura media exterior estimada de 30 °C, aínda que é complexo establecer unha en concreto xa que o camión se vai atopar en circulación pola Comunidade Autónoma de Galicia na que existen grandes fluctuacións de temperatura ao longo do ano e ao longo do seu territorio, polo que será un factor moi importante a ter en conta de cara á selección do equipo de frío. Será preferible instalar un que sexa sobredimensionado a que sexa xusto ou incluso escaso en circunstancias pouco habituais, pero que se poden dar, e provocarían a perda da mercadoría.

O procedemento de selección do equipo de frío parte previamente dos cálculos realizados no Anexo IV (cálculos da selección do espesor de illante).

Seguidamente comézase co cálculo de cargas térmicas que se producen cos diversos factores [3]:

- Carga térmica a través das paredes do furgón (engádense laterais, teito e chan).
- Carga térmica por renovación de aire.
- Cálculo de cargas por refrixeración de alimentos.
- Cálculo da calor cedida por persoas.
- Cálculo da carga térmica por iluminación.
- Cálculo de cargas térmicas diversas (motores,...).
- Suma de todas as cargas térmicas e a aplicación do factor de seguridade (10%).

A secuencia de cálculo empregada para a obtención da carga térmica do furgón xúntase no Anexo VI (cálculo de cargas térmicas).

Unha vez coñecido o valor da carga térmica que posuirá o noso furgón, buscarase nas fichas técnicas de diversos fabricantes a mellor opción en relación ás prestacións que achega o equipo e o prezo, decantándose polo que mellor se adapte. Para iso fixarémonos na potencia frigorífica que nos indica o fabricante para un volume de furgón indicado e cunhas temperaturas interna e externa establecidas tamén na ficha técnica. Cómpre que a potencia frigorífica, para o noso caso refrixeración (temperaturas positivas), sexa superior en ambos casos á suma de cargas térmicas calculada anteriormente.

Realízase a selección dun equipo cuxas características técnicas se mostran no Anexo VII (ficha técnica do equipo de frío,) aínda que este poderá ser substituído no proxecto por calquera outro que reúna as mesma características técnicas xa que a selección dun en concreto terase en conta para a posterior realización do orzamento do proxecto da maneira máis real posible.

O sistema de funcionamento do equipo de frío ten dúas modalidades:

- Cando o camiión se atopa en ruta o equipo de frío será accionado polo propio motor do camiión a partir dunha correa unida por un extremo a unha polea que xirará polo movemento do cegoñal. Polo outro lado irá conectada a un alternador que xerará corrente eléctrica para abastecer o motor eléctrico do equipo de frío.
- Cando o camiión non se atope en ruta e teña opción de conectarse directamente á corrente eléctrica, esta accionará directamente o equipo de frío que xa trae instalada a manguera co enchufe de trifásica (400V).

O devandito equipo manterase en funcionamento no momento en que no seu interior non posúa a temperatura establecida na pantalla de mando que trae incorporada; no momento en que a alcance, o equipo desconectará de maneira automática en calquera dos dous modos de funcionamento.

## **2.4 Reparto de cargas**

Tras a previa selección de todos os elementos que compoñerán o noso camión, será necesaria a realización dun reparto de cargas antes de comezar co proceso de fabricación do furgón e tamén antes da súa homologación para determinar se o conxunto do camión e furgón, xunto coa carga que se vai transportar, cumpre co estipulado polo propio fabricante do camión na ficha técnica correspondente no Anexo I.

Será necesario ter en conta a distancia entre eixos seleccionada para a realización dos cálculos, no noso caso é de 4,30 m e observando na ficha técnica do vehículo DAF LF180 obtemos que o conxunto cabina e chasis posúen unha masa dianteira de 2.594 kg e traseira de 1.142 kg. A este peso será necesario engadir o peso do sobrechasis fabricado, equipo de frío instalado e o peso respectivo de todo o furgón coa totalidade dos seus compoñentes.

Hai que ter en conta que os pesos indicados na ficha técnica corresponden por eixe e considerarase que por eixe existen dous apoios, un a cada lado, é dicir, lateral esquerdo e lateral dereito do vehículo.

O resultado obtido non deberá exceder a capacidade de carga indicada polo fabricante para a separación e eixos establecida. Preséntase a xustificación de cálculos realizada no Anexo VIII (cálculo do reparto de cargas) no que se amosan dous esquemas coa súa simboloxía: no primeiro atopamos cargas repartidas en metros lineais e no segundo esquema, cargas puntuais en relación á súa situación no camión.

Os resultados de cargas obtidos son menores da capacidade de carga estipulada nesas condicións polo fabricante, polo que se poderá proceder á fabricación e instalación do furgón no vehículo, tendo en conta a normativa vixente para a súa posterior homologación.

## 2.5 Homologación

O proceso de homologación do vehículo é unha parte fundamental dentro do deseño do camión xa que será o que estableza se a súa circulación por estrada é ou non legal. Para iso, o furgón frigorífico isoterma terá que cumprir o Real Decreto 237/2000 do 18 de febreiro, no que se recollen as especificacións técnicas que deben cumprir os vehículos especiais para o transporte terrestre de produtos alimentarios a temperatura regulada e os procedementos para o control de conformidade coas especificacións [4].

A homologación deste tipo de vehículos desenvólvese fundamentalmente en tres etapas ou pasos: primeiro, a realización dun Informe H por parte da empresa que realiza o carrozado do camión; seguidamente, unha inspección coñecida como ATP na que se controla se cumpre o furgón ou non co uso ao que se destina e, finalmente, unha revisión de todo o conxunto que conforma a ITV (Inspección Técnica de Vehículos) que, polo xeral, xa é o propio carroceiro quen a realiza.

O informe H é unha autorización que faculta a realización de transformacións parciais sobre vehículos que non foron matriculados. É outorgada polo Ministerio de Industria segundo o Real Decreto 2028/1986 cunha previa presentación do expediente técnico realizado por un laboratorio acreditado. Estes informes constitúen as homologacións parciais xa que un vehículo sen carrozar considérase incompleto e, tras a carrozaría, os anteditos informes fan que pase a ser vehículo completo. [5]

Para a elaboración do informe H será necesario seguir unha serie de directivas:

-Directiva 2003/19 e Regulamento (UE) nº 1230/2012 que establece que en calquera vehículo, indistintamente de cal sexa a súa carga, será obrigatorio respectar as masas máximas autorizadas. Para isto será necesario a presentación dun informe onde se estableza o reparto de cargas que presenta o camión, tendo en conta a cabina e chasis de orixe, o sobrechasis fabricado para a elevación do furgón, equipo de frío e lugar instalado, e dimensións e peso do furgón cos elementos que o constitúen na súa totalidade. No caso deste proxecto a xustificación de reparto de cargas preséntase no Anexo VIII.

- Directiva 2008/89/CE e Regulamento CEPE/ONU 48R04 sobre a instalación dos dispositivos de alumado e sinalización luminosa dos vehículos a motor e dos seus remolques.

- Directiva 2010/19 que regula a seguridade, resistencia, fixación e emprazamento dos dispositivos antiproxeccións.

- Directiva 2006/20 e Regulamento 58 CEPE/ONU sobre o emprazamento e a instalación dos dispositivos de protección traseira.

- Directiva 89/297 e Regulamento CEPE/ONU 73 R sobre o emprazamento e instalación os dispositivos de protección lateral.

- Directiva 70/222 e Regulamento (UE) 1003/2010 sobre o emprazamento e visibilidade da placa traseira de matrícula.

Neste proxecto, ademais de cumprir coas normativas mencionadas anteriormente e que serán necesarias para poder conseguir un informe H favorable do camión, como o uso ao que se destina o furgón é o transporte de alimentos de maneira refrixerada (temperaturas positivas), será necesario a realización e superación das probas que establece o Real Decreto 237/2000 xa que sen elas non se permitirá a circulación do vehículo.

O obxectivo da realización das probas ATP (“Autorización de Transporte de Perecedeiros”) é comprobar que o vehículo foi fabricado polo titular da certificación baixo a conformidade deste tipo, é dicir, a verificación dos materiais empregados na construción do furgón, o sistema de illamento empregado, densidade dese illante, entre outros factores que determinan se o equipo de frío instalado, xunto cos elementos de fabricación e o sistema de elaboración deste furgón, reúnen as condicións necesarias para o transporte do perecedeiro ao que se destinan, determinando o coeficiente K do furgón para cerciorarse de que cumpre co esixido no BOE-A-1998-17183 para os furgón frigoríficos reforzados clase C (siglas FRC) caracterizados por un coeficiente K igual ou inferior a  $0,7 \text{ W/m}^2\text{K}$  [6].



*Figura 1. Tipos de certificados obtidos segundo as probas ATP [8]*

*IN: Isotermo normal*

*IR: Isotermo reforzado*

*FRC: Frigorífico reforzado clase C*

*FRA: Frigorífico reforzado clase A*

Unha vez superadas as probas ATP e obtido o certificado desexado para o que se levou a cabo o deseño do furgón, realizárase a inspección técnica do vehículo que pode ser á súa vez realizada pola empresa que elaborou a carrozaría ou pola propia ITV, que é unha función pública soberana e a súa competencia recae en mans das Comunidades Autónomas [9].

É necesario ter en conta que por ter superadas estas probas, o camión non queda exento doutras inspeccións posteriores, cumprirá que supere as respectivas inspeccións periódicas (ITV) nos períodos indicados a continuación [10]:

- Camión >3500 kg ata 10 anos de antigüidade: inspección periódica anual.
- Camión >3500 kg e máis de 10 anos de antigüidade: inspección periódica cada 6 meses.

Con respecto ao certificado ATP, tamén convirá a realización dunhas probas periódicas, ata o momento reguladas no Real Decreto 237/2000 no que establece que a primeira delas terá lugar aos 6 anos da realización da ATP correspondente á homologación e a partir dos 6 anos de antigüidade do furgón realizarase de 3 en 3 chegando ata unha idade máxima de 21, momento no que remata a vida útil do furgón frigorífico-isotermo, pero foi aprobada unha nova orde, concretamente ICT 370/2021 que regulará uns novos prazos de revisión que se xuntan no Anexo IX (ICT 370/2021) e entrará en vigor o 1 de xullo de 2021.

## **3. GUÍA DE SELECCIÓN**

### **3.1 Compoñentes do furgón**

Comezamos analizando esta guía de selección detallando os compoñentes que formarán parte da devandita caixa isoterma:

#### **→ Perfilería a empregar**

Empregaranse perfís xa elaborados por unha empresa externa ao deseño e elaboración do furgón polo que esa perfilería ten que cumprir unha normativa. Móstrase a continuación:



*Figura 2. Perfilaría e gomas de selado das portas traseiras. [Fonte propia]*



*Figura 3. Perfilaría que conforma a unión entre os paneis laterais [Fonte propia]*

## → Portas

Serán dúas e cubrirán na totalidade a traseira do furgón abrindo cara aos laterais. A seguinte táboa achega información sobre elas:

**Táboa 1. Datos portas [Fonte propia]**

	Apertura a dereitas	Apertura a esquerdas
Dimensións (ancho x alto)	1200x2000 en mm	1200x2000 en mm
Nº de bisagras (inox)	3	3
Nº fallebas (inox)	1	1

Os datos máis relevantes deste apartado son as dimensións das portas e o número de bisagras que se lle montarán a cada unha xunto co número de fallebas. Os demais datos xa se achegan con posterioridade na parte de planos onde se coñecerán as medidas ás que vai situada cada peza en relación á porta.

## → Marco

O marco será o que constitúa a parte traseira do furgón, a función principal deste será a aportación de rixidez e dentro da guía de selección constitúe unha parte fundamental xa que é un elemento de fabricación externa, polo que a toma de medidas e a súa fabricación terá que ser de precisión. As súas dimensións quedan recollidas nos planos e son 2400 x 2000 mm (medidas exteriores).

Será fabricado en Inox igual que o material escollido para as bisagras e as fallebas pola alta resistencia deste material á corrosión.

O número das bisagras, como se estableceu anteriormente son tres, a importancia deste número radica no prezo e na resistencia á hora de soportar o momento flector que xera a apertura das portas traseiras.

O diámetro dos pechos das portas traseiras (fallebas) ten que ser suficiente para manter as portas pechadas cando o camión se atope en marcha, este dato é relativamente fácil de determinar xa que os fabricantes só posúen dúas medidas de fabricación, 22 mm para portas pequenas e 27 mm para portas grandes, co cal esta última será o diámetro das fallebas que conformarán os pechos.

### → Sobrechasis

Débese de coñecer con anterioridade o camión que se vai carrozar e o furgón desexado xa que iso vai condicionar o modelo, alto e ancho do sobrechasis.

O sobrechasis será recto xa que así o condiciona o bastidor do camión e á súa vez este bastidor será o que determine o ancho deste sobrechasis para que encaixen completamente un sobre o outro. Por outro lado, a altura está determinada en función das rodas xa que a función deste sobrechasis é elevar o furgón con respecto ó bastidor co obxectivo de que as rodas do camión non rocen co furgón no paso de roda e así non quede bloqueado.

As dimensións están indicadas con posterioridade no plano nº 9 e é fabricado en perfil normalizado UPN 120.



*Figura 4. Sobrechasis [Fonte propia]*

## 3.2 Accesorios do furgón

Constitúen a parte secundaria da guía de selección que, aínda que non son elementos fundamentais dos que dependa o deseño e elaboración da caixa isoterma-frigorífica son tamén de importancia e desempeñan funcións específicas que veremos a continuación.

### → Banda de amarre

Engadirase en ambos laterais do furgón co obxectivo de poder estibar correctamente a carga e evitar así un deterioro da mercadoría ou un accidente. Adquirirase a unha empresa externa, o material de fabricación é aluminio, combinando así robustez con lixeireza se comparamos con outros materiais como pode ser o ferro.

A banda irá amarrada a ambos laterais con remaches ou parafusos, situada a unha altura de 90 cm con respecto ao chan interior do furgón e coincidirá sobre un traveseiro de madeira situado lonxitudinalmente a esa mesma altura para proporcionar maior rixidez aos laterais.



*Figura 5. Banda de amarre lateral de aluminio [Fonte propia]*

### → Luminarias led

Co obxectivo de facilitar a carga e descarga cando as condicións o requiran, colocaranse dúas luminarias led no interior do furgón, concretamente no teito, e a súa colocación exacta estará indicada nos planos.

Co fin de evitar perdas de frío por perforacións nos paneis, as luminarias serán de superficie, amarrándoas cuns parafusos ou remaches, introduciranse os cables a través de canaletas que posúen pola parte traseira cinta adhesiva de dobre cara, fixándose así os paneis, e así quedan de maneira sinxela ante unha avaría pero á súa vez organizada.



*Figura 6. Plafóns led de instalación superficial [11]*

#### → Zócolo

Instalarase un zócolo de 30 cm de alto todo o arredor da parte baixa dos laterais que constitúen o furgón, co obxectivo de protexelos ante calquera pequeno golpe que poidan sufrir os paneis de forma ocasional durante a carga e descarga de mercadoría. Como ben dixemos anteriormente, o material a empregar será aluminio porque combina robustez con lixeireza.

#### → Desaugadoiro e recollida de augas de limpeza

Para manter a hixiene e facilitar a limpeza do furgón engadirase un desaugadoiro para recoller as augas procedentes da limpeza. Como se trata dun camión isoterma-frigorífico, será necesaria a instalación dunha chave de paso no desaugadoiro pola parte externa do furgón para evitar a perda de frío por este, á vez que nos permite recoller os refugallos derivados da limpeza para depositalos no seu punto correspondente para que posteriormente unha empresa os recolla e os trate.



**Figura 7. Detalle zócolo e desaguadoiro interior [Fonte propia]**



**Figura 8. Chave de corte [Fonte propia]**

## 4. PRODUCCIÓN DA CAIXA ISOTERMA

Unha vez elaborados todos os planos necesarios para a elaboración do furgón, pódese proceder ao comezo do proceso produtivo no que se desenvolverán todas as actividades necesarias para completar as especificacións do encargo.

O proceso de fabricación do furgón terá lugar en distintas etapas independentes nas cales en cada actividade se revisará o traballo realizado con anterioridade para comprobar que ata o momento o proceso flutúe correctamente, aumentando así a calidade deste e evitando perdas económicas. Como en calquera proceso produtivo, existe unha orde na realización das diversas actividades que o compoñen, no seguinte fluxograma obsérvase esa orde e, posteriormente, centrarémonos en cada unha delas.

### 4.1 Fluxograma




Figura 9. Fluxograma das actividades do proceso realizado en AutoCAD [Fonte propia]

## 4.2 Calendario de actividades

Táboa 2. Cronograma das tarefas e tempo dedicado a cada unha [Fonte propia]

TAREFAS	SEMANA 1					SEMANA 2					SEMANA 3					SEMANA 4					SEMANA 5				
	1	2	3	4	5	1	2	3	4	5	1	2	3	4	5	1	2	3	4	5	1	2	3	4	5
Carpintería	■																								
Caldeirería	■																								
Corte illante e lámina				■																					
Encolado								■																	
Prensa								■																	
Recorte paneis														■											
Ensamblaxe														■											
Instalación frigorífica																					■				
Instalación eléctrica																					■				
Acabados																									■

Táboa 3. Número de traballadores que desempeñarán cada tarefa [Fonte propia]

TAREFAS	Nº DE TRABALLADORES
Carpintería	2
Caldeirería	3
Corte illante e lámina	2
Encolado	2
Prensa	3
Recorte paneis	2
Ensamblaxe	4
Instalación frigorífica	3
Instalación eléctrica	2
Acabados	2

## 4.3 Carpintería

Nesta sección elabóranse os marcos e traveseiros que, segundo está especificado nos planos, conformarán laterais, teito, chan e portas. Estes marcos e traveseiros serán fabricados en madeira de piñeiro.

É un traballo sinxelo de entender debido á simplicidade do labor, pero isto non quita que sexa unha tarefa perigosa debido á manipulación de máquinas cortantes, xeración de po e á capacidade de incendio do material.

Os rastreis de piñeiro cortaranse á medida indicada cunha serra de mesa formando  $90^\circ$  entre si os que compoñan os marcos unidos cun corte a  $45^\circ$  respectivamente, cada un debidamente encolados e amarrados, o resto de rastreis presentarán un corte recto nas cabezas e tamén serán encolados e amarrados coa axuda de parafusos.



**Figura 10. Rastreis de madeira [Fonte propia]**



**Figura 11. Serra de mesa [12]**

A orde de traballo nesta sección é a seguinte: primeiro cortaranse os rastreis de piñeiro á medida e ángulo de cabezas indicado nos planos; seguidamente, procederase a un tratamento biocida antisilófagos e anticarunchos da madeira para prolongar a súa vida útil e, finalmente, unha vez seco o devandito produto, procédese á ensamblaxe das distintas pezas empregando os parafusos axeitados.

O tratamento que se lle aplica á madeira para evitar que esta se vexa deteriorada co paso do tempo pola acción de microorganismos aparece referenciado no Anexo X (ficha técnica do produto biocida antisilófagos e anticarunchos), no que se indican as propiedades do produto, microorganismos contra os que protexe e modo de aplicación.

#### 4.4 Corte illante

É outra fase do proceso produtivo pero a sección encargada será a mesma que a que realiza a etapa anterior de carpintería.

Os paneis de illante tamén serán cortados coa mesma máquina e introduciranse nos ocos correspondentes que existen entre os marcos e traveseiros de madeira, quedando fixados nese espazo.




*Figura 12. Illante [Fonte propia]*

#### 4.5 Caldeirería

Nesta etapa do proceso produtivo, os operarios tamén contarán con planos para a realización das actividades correspondentes que engloban tanto a realización do sobrechasis e marco traseiro do furgón como proteccións laterais antiempotramentos.

Caracterízanse por ser actividades perigosas xa que se empregan ferramentas cortantes e soldaduras que poden producir radiacións e queimaduras.

Traballárase fundamentalmente con tres tipos de materiais: por un lado, temos o aceiro galvanizado, que se empregará para a elaboración do sobrechasis do furgón evitando así a colisión deste co paso de roda, caracterízase por ser un material que resiste en boa medida a corrosión e é moito máis económico que o inox; o aluminio, que será o material no que se adquira tanto o zócolo interior como a banda de amarre e, por último, o inox, material no que se adquirirán bisagras, fallebas e fabricarase o marco traseiro do furgón que achegará consistencia e soportará o peso das portas traseiras cando estas se atopen abertas.



**Figura 13. Marco traseiro en proceso de fabricación [Fonte propia]**

Nesta etapa tamén se fabricarán seguindo a normativa vixente as proteccións antiempotramentos que se situarán na parte traseira do camiión e nos laterais entre a cabina e o eixe traseiro. Situaranse as laterais a unha altura do chan de 50 cm e con respecto ao piso do furgón de 30 cm e as traseiras entre 40 e 50 cm do chan cumprindo as seguintes normativas:

- Directiva 2006/20 e Regulamento 58 CEPE/ONU sobre o emprazamento e a instalación dos dispositivos de protección traseira.
- Directiva 89/297 e Regulamento CEPE/ONU 73 R sobre o emprazamento e a instalación dos dispositivos de protección lateral.



*Figura 14. Protección lateral antiempotramento [Fonte propia]*

## 4.6 Prensas

Realízanse varias actividades que no global constituirán a elaboración dos paneis que conformarán o furgón.

A esta sección chegan os marcos xa montados ás medidas indicadas nos planos e o illante tamén cortado na sección de carpintería. Procédese da seguinte maneira:

1º) COLOCACIÓN DO ILLANTE: para poder continuar coas seguintes etapas do proceso introducíranse as pezas de illante cortadas anteriormente na etapa de carpintería nos ocos correspondentes dos marcos.

2º) CORTE DA LÁMINA: cortarase por cada panel que constitúan o furgón dúas láminas iguais da medida correspondente a cada plano e 2-3 mm máis por cada lateral de marxe ante a posibilidade de que se mova durante un posterior proceso de prensado

3º) APLICACIÓN DO ADHESIVO DE POLIURETANO / ENCOLADO: serán aplicados de maneira manual ou mediante máquina depende do tamaño do panel e das circunstancias do momento. Para unha aplicación homoxénea será estendido mediante o uso de rulos de pelo e daranse dúas capas, unha sobre o marco co illante xa incrustado e outra sobre a cara interior da lámina.

4º) COLOCACIÓN DA LÁMINA: unha vez cortada a lámina e encolada esta pola parte interior xunto co panel, procédese á colocación da lámina no seu sitio, tendo en conta a marxe de 2-3 mm de máis que foi cortada a lámina con respecto ao marco para evitar que esta quedase escasa nalgún punto ante un posible desprazamento no proceso de prensado.

5º) PRENSADO: como a aplicación de forzas en puntos concretos do panel para fixar a lámina ata que a cola seque pode ocasionar irregularidades na súa superficie, o proceso de prensado levarase a cabo nunha máquina cuxo funcionamento base é o baleiro.

Introdúcese o panel unha vez encolado e, coa lámina colocada nunha mesa que conforma a máquina, cóbrese cunha lona e, posteriormente, báixase unha estrutura de ferro que fai presión todo o arredor da lona facendo un sistema de peche que, coa aplicación posterior do baleiro, a propia lona fará unha presión homoxénea por toda a superficie do panel adherindo de maneira uniforme e sen irregularidades a lámina ao marco, conformando así os paneis do furgón.

Unha vez rematado o prensado, será necesario por cada panel volver á terceira etapa xa que cada panel consta de dous laterais, o que implica repetir o proceso por duplicado.



*Figura 15. Panel en proceso de fabricación [Fonte propia]*

## **4.7 Corte de paneis**

É un proceso sinxelo: recortárase a lámina saínte do panel que, con anterioridade, se deixara 2-3 mm en exceso por cada lateral.

Finalizando esta etapa, os paneis xa estarían listos para unha ensamblaxe final coa perfilaría correspondente para armar o furgón.



*Figura 16. Panel preparado para a súa ensamblaxe [Fonte propia]*

## **4.8 Ensamblaxe de paneis**

Unha vez que chegan os paneis a esta sección, procédese á súa montaxe na orde correspondente: comezase colocando o chan; posteriormente, a fronte seguida de laterais e, por último, o teito.

5.1	PASILLOS SIN GUARNECER	20	-	0,4	40	· Iluminación a nivel del suelo.
5.2	PASILLOS GUARNECIDOS Y ESTACIONES DE CONTROL	150	22	0,4	60	· Iluminación a nivel del suelo.
5.3	ESTACIONES DE CONTROL	150	22	0,6	80	
5.4	CARA DE LA ESTANTERÍA DE ALMACENAMIENTO	200	-	0,4	60	· Iluminación vertical, puede utilizarse iluminación móvil.

## Anexo XII

### Cálculos realizados para a selección dos elementos eléctricos de seguridade da instalación interior

Tal e como se mostra no apartado de planos, concretamente no diagrama unifilar, será necesario o emprego de diversos elementos eléctricos que conformarán a instalación interior do furgón.

Pero dentro deste tipo de elementos (magnetotérmico, interruptor diferencial, fin de carreira...) será necesario a determinación da intensidade máxima que poidan soportar en función da que exista na nosa instalación.

#### Datos

##### Luminarias

Nº	2
Potencia/ud (W)	34

##### Corrente monofásica

Voltaxe (V)	230
-------------	-----

##### Instalación

Lonxitude (m)	12
---------------	----

##### Conductividade cobre

K (m/Ω mm <sup>2</sup> )	58
--------------------------	----

Tabla 1. VV.AA. Electricidad y magnetismo. Editorial: Pearson Education. Edición 1ª, 2004. ISBN: 978-84-205-4214-0

	TEMPERATURA DEL CONDUCTOR		
	20 °C	TERMOPLÁSTICOS 70 °C	TERMOESTABLES 90 °C
Cu	58,00	48,47	45,49
Al	35,71	29,67	27,8

##### Sección cable

S (mm <sup>2</sup> )	1,5
----------------------	-----

Cabe destacar que a sección do cable a tal momento é suposta e cas fórmula seguintes será necesario comprobar que a caída de tensión é inferior o 3% e en caso de non selo terase que supoñer de novo unha sección maior e volver recalcular dita caída de tensión.

$$I = \frac{P}{V \cdot \cos \varphi} \quad \text{Ec. 1}$$

I= intensidade de corrente en Amperios

P= potencia en Watios

$\cos \varphi = 0,9$  para sistemas de alumeadado e  $0,8$  para motores

$$\text{c.d.t.} = \frac{2 \cdot P \cdot L}{K \cdot V^2 \cdot S} \quad \text{Ec. 2}$$

c.d.t.= caída de tensión en Amperios

P= potencia en Watios

L= lonxitude estimada do circuito

K= conductividade do cobre ( $\text{m}/\Omega \text{mm}^2$ )

V= voltaxe en voltios

S= sección de cableado

## Resultados e conclusión

I (A)	0,476
-------	-------

c.d.t (A)	0,0004
-----------	--------

A vista dos resultados podemos concluir que tanto magnetotérmico, interruptor diferencial e fin de carreira poderanse montar os máis pequenos que existen no mercado que son de 5 A, pero pola diferenza económica case inapreciable nestes que son monofásicos (230V) decidírase instalar magnetotérmico e diferencial de 25 A por se algún día se solicita a instalación de algún punto de forza, o fin de carreira será de 10 A.

Con respecto a sección de cable seleccionada para a realización dos cálculos é suficiente a de  $1,5 \text{ mm}^2$  conseguindo unha caída de tensión de  $0,0004 \text{ A}$  moito inferior o 3% que estipula la NEC/NFPA70 y NTC2050 [1]

## Anexo XIII

### Xustificación de prezos

Nº	Designación	Importe		
		Precio (€)	Cantidad (Horas)	Total (€)
1	Oficial 1ª carpintería	16,44	32	<b>526,08 €</b>
2	Oficial 2ª carpintería	14,5	32	<b>464,00 €</b>
3	Oficial 1ª soldador	18,75	64	<b>1.200,00 €</b>
4	Oficial 1ª soldador	18,75	64	<b>1.200,00 €</b>
5	Oficial 2ª soldador	15,25	64	<b>976,00 €</b>
6	Peón ordinario	12,5	80	<b>1.000,00 €</b>
7	Peón ordinario	12,5	80	<b>1.000,00 €</b>
8	Oficial 1ª montador	16	40	<b>640,00 €</b>
9	Oficial 1ª montador	16	40	<b>640,00 €</b>
10	Oficial 1ª montador	16	40	<b>640,00 €</b>
11	Oficial 1ª electricista	16,93	32	<b>541,76 €</b>
12	Oficial 2ª electricista	15,15	32	<b>484,80 €</b>
13	Oficial 1ª frigorísta	16,55	32	<b>529,60 €</b>
14	Oficial 1ª frigorísta	16,55	32	<b>529,60 €</b>
15	Oficial 1ª frigorísta	16,55	32	<b>529,60 €</b>
16	Oficial 1ª frigorísta	16,55	32	<b>529,60 €</b>
<b>TOTAL MANO OBRA</b>				<b>11.431,04 €</b>

Nº	Designación	Importe		
		Precio (€)	Cantidad	Total (€)
1	madeira de pino para rastreis	600	1,2 m3	<b>720,00 €</b>
2	illante necesario espesor 12 cm	268,55	7,48 m3	<b>2.008,75 €</b>
3	lámina poliéster espesor 1.5 mm	8,4	124,8 m2	<b>1.048,32 €</b>
4	cola	12,5	25 L	<b>312,50 €</b>
5	perfil inox marco	9,65	8,8 m	<b>84,92 €</b>
6	perfil aluminio remates	4,5	32,8 m	<b>147,60 €</b>
7	banda amarre aluminio	10	12 m	<b>120,00 €</b>
8	zócalo aluminio 30cm alto	14,5	14,4	<b>208,80 €</b>
9	bisagras puertas traseras	18,45	6 ud	<b>110,70 €</b>
10	soportes apertura portas	18,25	2 ud	<b>36,50 €</b>
11	gomas cerramiento portas	2,75	12,8 m	<b>35,20 €</b>
12	peches e encaixes portas traseiras	135	2 ud	<b>270,00 €</b>
13	caixa xeneral de cuadros	65	1 ud	<b>65,00 €</b>
14	Inversor 24V/220V	280	1 ud	<b>280,00 €</b>
15	Magnetotérmico 10 A	13,9	1 ud	<b>13,90 €</b>
16	Int. Diferencial 25 A 30 mA	39,95	1 ud	<b>39,95 €</b>
17	Int. Fin carrera 10A	12,45	1 ud	<b>12,45 €</b>
18	Luminarias led	35,8	2 Ud	<b>71,60 €</b>
19	Pilotos gálibo traseros	17,25	2 ud	<b>34,50 €</b>
20	Tercera luz de freno	24,5	1 ud	<b>24,50 €</b>
21	Guía pasables	1,5	14 m	<b>21,00 €</b>
22	Equipo de frío	10025	1 ud	<b>10.025,00 €</b>
23	ferro galvanizado sobrechasis	350	1 ud	<b>450,00 €</b>
<b>TOTAL MATERIALES</b>				<b>16.141,19 €</b>

Nº	Designación	Importe		
		Precio (€)	Cantidad	Total (€)
1	Certificados ATP	5000	1	<b>5.000,00 €</b>
2	Revisiones	300	1	<b>300,00 €</b>
3	Demás trámites homologación	1200	1	<b>1.200,00 €</b>
<b>TOTAL PROCESO HOMOLOGACIÓN</b>				<b>6.500,00 €</b>

### Elaboración paneis, portas e ensamblaxe

UD	Descripción	Total		
Esta sección constará da man de obra necesaria para a realización de todas as actividades, incluíndo material a empregar tanto na conformación dos paneis laterais do furgón (laterais, chan e teito), como nas portas cos seus peches respectivos				
32	h	Oficial 1ª carpintería	16,44 €	526,08 €
32	h	Oficial 2ª carpintería	14,50 €	464,00 €
80	h	Peón ordinario	12,50 €	1.000,00 €
80	h	Peón ordinario	12,50 €	1.000,00 €
40	h	Oficial 1ª montador	16,00 €	640,00 €
40	h	Oficial 1ª montador	16,00 €	640,00 €
40	h	Oficial 1ª montador	16,00 €	640,00 €
1,2	m3	madeira de pino para rastreis	600,00 €	720,00 €
7,48	m3	illante necesario espesor 12 cm	268,55 €	2.008,75 €
124,8	m2	lámina poliéster espesor 1.5 mm	8,40 €	1.048,32 €
25	L	cola	12,50 €	312,50 €
32,8	m	perfil aluminio remates	4,50 €	147,60 €
12	m	banda amarre aluminio	10,00 €	120,00 €
14,4	m	zócalo aluminio 30cm alto	14,50 €	208,80 €
6	ud	bisagras portas traseras	18,45 €	110,70 €
2	ud	soportes apertura portas	18,25 €	36,50 €
12,8	m	gomas cerramiento portas	2,75 €	35,20 €
2	ud	peches e encaixes portas traseras	135,00 €	270,00 €
2	%	costos directos	9.928,45 €	198,57 €
4	%	costos indirectos	10.127,02 €	405,08 €
			<b>Precio total por ud</b>	<b>10.532,10 €</b>

### Calderería

UD	Descripción	Total		
Esta sección contará co tempo de realización das tarefas derivadas da calderería, materiais empregados para fabricación do marco traseiro da caixa do furgón e sobrechasis.				
64	h	Oficial 1ª soldador	18,75 €	1.200,00 €
64	h	Oficial 1ª soldador	18,75 €	1.200,00 €
64	h	Oficial 2ª soldador	15,25 €	976,00 €
8,8	m	perfil inox marco	9,65 €	84,92 €
1	ud	hierro galvanizado sobrechasis	350,00 €	350,00 €
2	%	costos directos	3.810,92 €	76,22 €
4	%	costos indirectos	3.887,14 €	155,49 €
			<b>Precio total por ud</b>	<b>4.042,62 €</b>

**Instalación frigorífica**

UD	Descripción	Total		
Esta unidade contará co prezo da man de obra necesaria para a instalación de frío e a súa comprobación do correcto funcionamento do sistema xunto co prezo de adquisición do equipo de frío que se instalará.				
32	h	Oficial 1ª frigorísta	16,55 €	529,60 €
32	h	Oficial 1ª frigorísta	16,55 €	529,60 €
32	h	Oficial 1ª frigorísta	16,55 €	529,60 €
1	ud	Equipo de frío	10.025,00 €	10.025,00 €
2	%	Costos directos	11.613,80 €	232,28 €
4	%	Costos indirectos	11.846,08 €	473,84 €
<b>Precio total por ud</b>			<b>12.319,92 €</b>	

**Instalación eléctrica**

UD	Descripción	Total		
Dita parte constará da man de obra necesaria para a realización das actividades pertinente e a súa vez do material empregado tanto na instalación interior como exterior do furgón.				
32	h	Oficial 1ª electricista	16,93 €	541,76 €
32	h	Oficial 2ª electricista	15,15 €	484,80 €
1	ud	caixa xeneral de cuadros	65,00 €	65,00 €
1	ud	Inversor 24V/220V	280,00 €	280,00 €
1	ud	Magnetotérmico 10 A	13,90 €	13,90 €
1	ud	Int. Diferencial 25 A 30 mA	39,95 €	39,95 €
1	ud	Int. Fin carrera 10A	12,45 €	12,45 €
2	ud	Luminarias led	35,80 €	71,60 €
2	ud	Pilotos gálibo traseros	17,25 €	34,50 €
1	ud	Tercera luz de freno	24,50 €	24,50 €
14	m	Guía pasables	1,50 €	21,00 €
2	%	Costos directos	1.589,46 €	31,79 €
4	%	Costos indirectos	1.621,25 €	64,85 €
<b>Precio total por ud</b>			<b>1.568,46 €</b>	


**Proceso homologación**

UD	Descripción	Total		
Constará dos custos que acarrea o proceso de homologación incluíndo certificados ATP, revisión necesarias e demais trámites e papeis necesarios para a súa homologación como poden ser os informes H incluíndo reparto de cargas, estruturas antiempotramento,...				
1	ud	Certificados ATP	5.000,00 €	5.000,00 €
1	ud	Revisións	300,00 €	300,00 €
1	ud	Demás trámites homologación	1.200,00 €	1.200,00 €
2	%	Costos directos	6.500,00 €	130,00 €
4	%	Costos indirectos	6.630,00 €	265,20 €
<b>Precio total por ud</b>			<b>6.895,20 €</b>	




# II – PLANOS


# ÍNDICE

1. Planta. Situación luminarias .....	3
2. Corte sección lateral .....	4
3. Corte sección traseira.....	5
4. Marco chan 3D.....	6
5. Marco laterais 3D.....	7
6. Marco frontal 3D .....	8
7. Marco portas 3D .....	9
8. Marco teito 3D.....	10
9. Sobrechasis.....	11
10. Diagrama unifilar .....	12
11. Vista lateral camión .....	13
12. Vista traseira camión .....	14




(Cotas en mm)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE CIENCIAS (LUGO)			
GRAO: ENXEÑERÍA EN PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS			
PROXECTO: DESEÑO DO CARROZADO DUN CAMIÓN PARA LOXÍSTICA DE IOGUR			
NOME PLANO: PLANTA. SITUACIÓN LUMINARIAS			PLANO N° <b>1/12</b>
ESCALA: 1:25	DATA: 10-06-2021	SINATURA:	 
AUTOR: DANIEL VILELA TORRÓN			





(Cotas en mm)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE CIENCIAS (LUGO)			
GRAO: ENXEÑERÍA EN PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS			
PROXECTO: DESEÑO DO CARROZADO DUN CAMIÓN PARA LOXÍSTICA DE IOGUR			
NOME PLANO: CORTE SECCIÓN LATERAL			PLANO N° <b>2/12</b>
ESCALA: 1:25	DATA: 10-06-2021	SINATURA:	
AUTOR: DANIEL VILELA TORRÓN			






(Cotas en mm)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE CIENCIAS (LUGO)		
GRAO: ENXEÑERÍA EN PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS		
PROXECTO: DESEÑO DO CARROZADO DUN CAMIÓN PARA LOXÍSTICA DE IOGUR		
NOME PLANO: CORTE SECCIÓN TRASEIRA		PLANO N° <b>3/12</b>
ESCALA: 1:25	DATA: 10-06-2021	SINATURA:
AUTOR: DANIEL VILELA TORRÓN		 




(Cotas en mm)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE CIENCIAS (LUGO)			
GRAO: ENXEÑERÍA EN PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS			
PROXECTO: DESEÑO DO CARROZADO DUN CAMIÓN PARA LOXÍSTICA DE IOGUR			
NOME PLANO: MARCO CHAN 3D			PLANO N° <b>4/12</b>
ESCALA: 1:30	DATA: 10-06-2021	SINATURA:	 
AUTOR: DANIEL VILELA TORRÓN			






(Cotas en mm)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE CIENCIAS (LUGO)			
GRAO: ENXEÑERÍA EN PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS			
PROXECTO: DESEÑO DO CARROZADO DUN CAMIÓN PARA LOXÍSTICA DE IOGUR			
NOME PLANO: MARCO LATERAIS 3D			PLANO N° <b>5/12</b>
ESCALA: 1:30	DATA: 10-06-2021	SINATURA:	
AUTOR: DANIEL VILELA TORRÓN			




(Cotas en mm)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE CIENCIAS (LUGO)			
GRAO: ENXEÑERÍA EN PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS			
PROXECTO: DESEÑO DO CARROZADO DUN CAMIÓN PARA LOXÍSTICA DE IOGUR			
NOME PLANO: MARCO FRONTAL 3D			PLANO N° <b>6/12</b>
ESCALA: 1:30	DATA: 10-06-2021	SINATURA:	 
AUTOR: DANIEL VILELA TORRÓN			




(Cotas en mm)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE CIENCIAS (LUGO)			
GRAO: ENXEÑERÍA EN PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS			
PROXECTO: DESEÑO DO CARROZADO DUN CAMIÓN PARA LOXÍSTICA DE IOGUR			
NOME PLANO: MARCO PORTAS 3D			PLANO N° <b>7/12</b>
ESCALA: 1:30	DATA: 10-06-2021	SINATURA:	 
AUTOR: DANIEL VILELA TORRÓN			







(Cotas en mm)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE CIENCIAS (LUGO)			
GRAO: ENXEÑERÍA EN PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS			
PROXECTO: DESEÑO DO CARROZADO DUN CAMIÓN PARA LOXÍSTICA DE IOGUR			
NOME PLANO: MARCO TEITO 3D			PLANO N° <b>8/12</b>
ESCALA: 1:30	DATA: 10-06-2021	SINATURA:	 
AUTOR: DANIEL VILELA TORRÓN			



(Cotas en mm)


UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE CIENCIAS (LUGO)			
GRAO: ENXEÑERÍA EN PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS			
PROXECTO: DESEÑO DO CARROZADO DUN CAMIÓN PARA LOXÍSTICA DE IOGUR			
NOME PLANO: SOBRECHASIS			PLANO N° <b>9/12</b>
ESCALA: 1:30	DATA: 10-06-2021	SINATURA:	 
AUTOR: DANIEL VILELA TORRÓN			



**SIMBOLOXÍA**

	BATERÍA 12V
	INVERSOR 24V/220V
	INTERRUPTOR MAGNETOTÉRMICO 10A
	INTERRUPTOR DIFERENCIAL MONOFÁSICO 25A 30mA
	INTERRUPTOR FIN DE CARREIRA 10A
	LUMINARIA LED
R	FASE
N	NEUTRO

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE CIENCIAS (LUGO)			
GRAO: ENXEÑERÍA EN PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS			
PROXECTO: DESEÑO DO CARROZADO DUN CAMIÓN PARA LOXÍSTICA DE IOGUR			
NOME PLANO: <b>DIAGRAMA UNIFILAR</b>			PLANO N° <b>10/12</b>
ESCALA: 1:25	DATA: 10-06-2021	SINATURA:	 
AUTOR: DANIEL VILELA TORRÓN			



(Cotas en mm)

BARRA ANTIEMPOTRAMENTO LATERAL

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
FACULTADE DE CIENCIAS (LUGO)

GRAO:  
ENXEÑERÍA EN PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS

PROXECTO:  
DESEÑO DO CARROZADO DUN CAMIÓN  
PARA LOXÍSTICA DE IOGUR

NOME PLANO:  
VISTA LATERAL CAMIÓN

PLANO N°  
**11/12**


ESCALA:  
1:30

DATA:  
10-06-2021



SINATURA:

AUTOR:  
DANIEL VILELA TORRÓN





(Cotas en mm)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE CIENCIAS (LUGO)		
GRAO: ENXEÑERÍA EN PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS		
PROXECTO: DESEÑO DO CARROZADO DUN CAMIÓN PARA LOXÍSTICA DE IOGUR		
NOME PLANO: VISTA TRASEIRA CAMIÓN		PLANO N° <b>12/12</b>
ESCALA: 1:30	DATA: 10-06-2021	SINATURA:
AUTOR: DANIEL VILELA TORRÓN		 

III – PREGO DE  
PRESCRICIONS  
TÉCNICAS  
PARTICULARES

# ÍNDICE

1. PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS .....	4
1.1 Disposicións xerais .....	4
1.1.1 Obxectivo do prego de condicións .....	4
1.1.2 Descrición das obras.....	4
1.1.3 Documentos que se integran no contrato .....	5
1.2 Disposicións facultativas .....	6
1.2.1 Obrigacións e dereitos do promotor.....	6
1.2.2 Obrigacións e dereitos do contratista.....	6
1.2.3 Persoal do contratista .....	6
1.2.4 Verificación dos documentos achegados.....	6
1.2.5 Modo de execución dos traballos .....	7
1.2.6 Calidade dos traballos .....	7
1.2.7 Garantía.....	7
1.2.8 Recepción provisional .....	7
1.2.9 Recepción definitiva .....	8
1.3 Disposicións económicas.....	8
1.3.1 Importe do contrato.....	8
1.3.2 Composición dos prezos unitarios .....	8
1.3.3 Presuposto de execución material.....	9
1.3.4 Orzamento de base de licitación.....	9
1.3.5 Traballos defectuosos .....	9
1.3.6 Forma de pago .....	9
1.3.7 Seguros.....	9
1.3.8 Ruptura do contrato.....	10
1.3.9 Danos e prexuízos .....	10

2.PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES .....	10
2.1 Prescricións técnicas xerais .....	10
2.1.1 Obxecto e campo de aplicación .....	10
2.1.2 Homologación .....	11
2.1.3 Normas xerais de obrigado cumprimento .....	12
2.2 Prego de condicións técnicas particulares .....	14
2.2.1 Prescricións técnicas dos materiais e execución .....	14
2.2.2 Control da recepción de materiais .....	15
2.2.3 Control da execución dos traballos .....	15
2.2.4 Control da carrozaría rematada .....	15
2.3 Prescricións técnicas da execución .....	16
2.3.1 Condicións xerais da execución .....	16
2.3.2 Riscos no desenvolvemento do proxecto .....	16
2.3.3 Danos e prexuízos .....	16
2.3.4 Incumprimento do programa de traballo .....	17
2.4 Mantemento do furgón .....	17

# **1. PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS**

## **1.1 Disposicións xerais**

### **1.1.1 Obxectivo do prego de condicións**

A realización deste proxecto ten como obxectivo a realización dos traballos necesarios que quedan recollidos neste proxecto e no prego de prescricións para o deseño dun furgón isoterma-frigorífico que se instalará nun camión marca DAF modelo LF180 de 12 toneladas de masa máxima autorizada, dito camión destinarase ó transporte de iogur a 4 °C de temperatura.

O obxectivo deste prego é recoller o nivel de calidade dos materiais a empregar, os niveis técnicos nos que se desenvolverán as diversas actividades, normativas a seguir para o proceso de homologación do camión e a lexislación aplicable.

### **1.1.2 Descrición das obras**

Trátase do deseño dun furgón frigorífico-isoterma que se instalará sobre un camión DAF LF 180. Este furgón, como se comentou anteriormente, destinarase á loxística de iogur nunhas condicións de temperatura que a empresa solicitante do proxecto establece previamente.

Comézase por coñecer todas as características que a empresa solicitante esixe no deseño. Posteriormente, é necesaria a realización dos cálculos que determinarán, primeiro o espesor de illante que se empregará e, seguidamente, con ese espesor e datos coma a condutividade térmica deste procédese á determinación das perdas de cargas térmicas (paredes, renovación do aire, luminarias, motores, cantidade de mercadoría a refrixerar,...) que terá o furgón para unha posterior determinación de equipos de frío válidos para as condicións calculadas. Tanto polo illante, como pola pel de poliéster que recobre os laterais do furgón, como polo equipo de frío, as características están determinadas a partir da ficha técnica dos fabricantes.

Tamén será necesaria a realización dos cálculos que determinen qué material, sección e perfil se empregará na elaboración do sobrechasis para a elevación do furgón e evitar así a colisión deste co paso de roda.

Unha vez realizada toda a parte de cálculos, procédese á realización material do proxecto nas súas diversas etapas:

- Carpintería: elaboración dos marcos de madeira tratada con lasur sintético antixilófagos e anticarunchos que conformarán a estrutura dos laterais, teito e chan do furgón.
- Caldeirería: elaboración do marco traseiro que dará rixidez ao furgón e sustentará o peso das portas traseiras, elaboración da estrutura antiempotramento lateral e traseira e elaboración do sobrechasis que unirá o furgón co chasis do camiión.
- Corte de illante e láminas: como o seu nome indica, realízase a corta dos paneis de illante e da lámina interior e exterior dos paneis tal e como se indica nos planos.
- Encolado: proceso de adición da cola para a unión das láminas co illante.
- Prensas: proceso fundamentado no baleiro que outorga unha presión uniforme sobre os paneis asegurando unha correcta adherencia da lámina co illante sen deixar marcas de achega de presión.
- Recorte de paneis: recórtase a lámina sobrante dos paneis que constituirán o furgón xa que esta se cortou previamente cunha marxe de 2-3 mm de máis por cada lateral para evitar que quedase escasa.
- Ensamblaxe: únese o sobrechasis fabricado ao chasis do camiión e sobre este comézase co proceso de ensamblaxe dos paneis que constitúen o furgón coa axuda da perfilería descrita no proxecto.
- Instalación eléctrica: interior coas luminarias calculadas co programa "Dialuxlight" que irán conectadas a un interruptor manual e, á súa vez, a unha fin de carreira que permitirá que estas acendan automaticamente ao abrir as portas traseiras.
- Instalación de frío: colocación do equipo de frío seleccionado.

### **1.1.3 Documentos que se integran no contrato**

Teñen como obxectivo definir o proceso de fabricación do furgón isoterma-frigorífico. Esta documentación será achegada ao contratista por parte do promotor e ten carácter informativo.

## **1.2 Disposicións facultativas**

### **1.2.1 Obrigacións e dereitos do promotor**

-Ten como obxectivo principal que se cumpra a lei en todas as partes que interveñen no proxecto.

- Será o que responda ante posibles problemas que poidan xurdir.

### **1.2.2 Obrigacións e dereitos do contratista**

Corresponde ao contratista:

- A organización dos traballos que compoñen o proceso de fabricación do furgón e os medios auxiliares que se empregarán.

- Será o responsable da elección do material a empregar comprobando que a calidade destes cumpre coa establecida no proxecto e, en caso de non cumprilo, será o que asuma os custos de reconstrución da/s partes afectadas.

-Proporcionará os materiais ao coordinador con antelación suficiente.

-Será o encargado de elaborar un plan de seguridade e saúde que englobe todo o proceso produtivo e incluírá medidas preventivas a ter en conta e a normativa vixente en relación á prevención de riscos laborais, incluíndo a seguridade e hixiene laboral.

### **1.2.3 Persoal do contratista**

O contratista comprometerase a ter persoal cualificado para o óptimo desenvolvemento do proxecto. O persoal que posúa estará ás súas ordes, sendo o contratista o responsable destes traballadores e o que asuma os salarios e seguridade social dos seus traballadores, segundo a normativa vixente.

O promotor queda excluído de calquera tipo de responsabilidade laboral ou de seguridade social sobre o persoal do que dispoña o contratista.

### **1.2.4 Verificación dos documentos achegados**

Antes do comezo da realización material do furgón, será necesaria a elaboración dun escrito por parte do instalador de que a documentación ofrecida é suficiente para o completo desenvolvemento do proxecto e, en caso de existir algunha dúbida, deberá ser comunicada para a súa resolución.

### **1.2.5 Modo de execución dos traballos**

Todos os traballos executaranse tal e como están recollidos no proxecto e calquera modificación, previamente á súa realización, terá que ser acordada dentro das limitacións do orzamento.

### **1.2.6 Calidade dos traballos**

Como se comentou anteriormente, o contratista posuirá traballadores profesionais co obxectivo de obter o proxecto materializado coas mellores calidades posibles.

### **1.2.7 Garantía**

Esténdese o prazo de garantía por un período de doce meses, no que o contratista responderá dos fallos derivados de erros cometidos durante a execución do furgón, e derivados deste, e sen dereito á indemnización por estas tarefas realizadas. En caso de non realizar os anteditos arranxos, terase dereito á indemnización.

### **1.2.8 Recepción provisional**

Cun prazo de sete días comunicáraselle ao coordinador a data na que se prevé a fin de execución do proxecto, e nese día coordinador e contratista revisarán o furgón comprobando se estas cumpren coas normas técnicas e cláusulas en canto á execución.

Esta recepción provisional realizarase unha vez que fosen levadas a cabo satisfactoriamente todas as probas realizadas a xuízo do promotor e coordinador.

Se o resultado foi satisfactorio e foron superadas as probas, estenderase por duplicado e, finalmente, firmada polo promotor, contratista e coordinador a Acta de recepción provisional positiva, entregando un exemplar ao contratista.

No caso de que o exame do proxecto non sexa satisfactorio, o coordinador estenderá unha acta de recepción negativa por duplicado, no que deixará constancia dos defectos observados e no prazo de dez días hábiles deberá deixalos corrixidos.

Transcorrido este prazo, procederase de novo á realización doutro exame e ás probas correspondentes; se son satisfactorios, estenderase a Acta de recepción provisional positiva.

As probas e exames realizados por contratista e coordinador realizaranse tantas veces como sexa necesario ata que o seu resultado sexa favorable.

Para que sexa pronunciada a recepción provisional, o contratista deberá entregar a documentación final do proxecto e ter chegado a un acordo na liquidación económica do proxecto.

### **1.2.9 Recepción definitiva**

A recepción definitiva verificarase transcorrido o prazo de garantía de 12 meses da mesma maneira e coa mesma acta de recepción; a partir desa data cesará a obrigaón do contratista de reparar o seu cargo económico, os defectos e avarías que presente o furgón e derivados deste.

## **1.3 Disposicións económicas**

### **1.3.1 Importe do contrato**

Os contratos para cada capítulo pecharanse a un prezo total, que será o resultado de sumar os produtos dos prezos unitarios de cada partida pola medición correspondente expresada no estado de medicións do proxecto e comprobada polo contratista nos planos de estudo de orzamento antes da adxudicación. Este prezo total non cambiará se non se realizan modificacións do proxecto nin modificacións de partida.

Ao prezo total engadiráselle o IVE (Imposto sobre o Valor Engadido).

O prezo total estará expresado en euros con dous decimais, escrito en número e letra.

### **1.3.2 Composición dos prezos unitarios**

O cálculo de prezos das diversas unidades de obra é o resultado da suma dos custos directos e indirectos considerando:

#### Custos directos:

- Man de obra, cargas e seguros sociais que interveñen directamente na execución da unidade de obra.
- O prezo de adquisición dos materiais empregados.
- Elementos de prevención de riscos laborais (seguridade e hixiene laboral, EPIs,...)
- Custos de salarios de persoal xunto coa súa seguridade social.
- Custos de enerxía eléctrica necesaria para o funcionamento das máquinas e ferramentas empregadas.
- Custos de amortización e conservación da maquinaria, instalación e equipos anteriormente citados.

### Custos indirectos:

Os custos indirectos cobren os gastos de seguros, algunha instalación necesaria para gardar material ou obxectos persoais dos traballadores adscritos á realización material do proxecto, é dicir, o carrozado do camión elaborando o furgón isoterma-frigorífico.

Todos estes gastos representan unha porcentaxe dos custos directos.

### **1.3.3 Presuposto de execución material**

Denominarase ó resultado obtido pola suma dos custos anteriores.

### **1.3.4 Orzamento de base de licitación**

O orzamento base de licitación obterase aplicando o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) ao orzamento de execución material descrito no apartado anterior.

### **1.3.5 Traballos defectuosos**

O coordinador pode reter unha certificación en caso de observar traballos defectuosos, reclamacións ou evidencias razoables de que poidan existir reclamacións. Esta retención/s deixará/n de ser efectivas cando as causas desaparezan.

### **1.3.6 Forma de pago**

Unha vez rematado o furgón, o contratista pasará a factura ao promotor. O importe da factura será o especificado no orzamento. Unha vez comprobado que o proxecto se realizou correctamente por parte do coordinador, o promotor disporá de quince días para realizar o pago.

O pago realizarase polo total do acordado no orzamento menos unha cantidade representativa do 10% co obxectivo de asegurar a cubrición da garantía. Esta porcentaxe aboarase en canto o período de garantía de 12 meses transcorra e a revisión do furgón sexa favorable.

### **1.3.7 Seguros**

O custo dos seguros corren pola conta do contratista, ademais da subscrición de pólizas de seguros que cubran os accidentes, danos ou avarías causadas en persoal, equipos ou instalacións da propia empresa ou outras. Asemade, contrataranse pólizas de seguros que sexan necesarias para cubrir a total responsabilidade civil ou fianzas penais nos traballos a realizar, danos a terceiros, roubos, incendio,...

### **1.3.8 Ruptura do contrato**

O promotor pode acordar unha ruptura do contrato se se dá algunha das seguintes condicións:

- Abandono do proxecto por parte do contratista se non hai incorporación ao traballo nun prazo de dous días tras o aviso do coordinador.
- No caso de interrupcións reiteradas sen chegar a darse o abandono do proxecto.
- No caso de incumprimento grave das cláusulas do contrato.
- No caso de fraude en canto á calidade dos materiais de execución.
- No caso de quebra económica por parte do contratista.

### **1.3.9 Danos e prexuízos**

Poderá reclamálos o promotor ao contratista en caso de que ocorra a ruptura do contrato. A valoración dos danos e prexuízos poderá ser dispoñible polo promotor co fondo das retencións de garantía (10% do orzamento total) e o valor das instalacións realizadas.

## **2.PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES**

### **2.1 Prescricións técnicas xerais**

As condicións técnicas xerais comprenden o conxunto de características que deben cumprir os materiais empregados nas instalacións, así como as técnicas da súa colocación en obra.

#### **2.1.1 Obxecto e campo de aplicación**

A realización do deseño da carrozaría dun camión marca DAF modelo LF180 para a loxística de iogur, polo que consistirá nun furgón isoterma-frigorífico con portas traseiras para facilitar a carga e descarga da mercadoría. Será fabricado co material axeitado tal e como se indica no proxecto, evitando as máximas perdas por cargas térmicas asociadas.

Instalarase o equipo de frío que se considere oportuno en función dos cálculos observados e das fichas técnicas do fabricante.

Cumprirase a normativa vixente en relación á homologación do furgón que virá establecida nos informes H de carrozarías achegadas no proxecto.

### 2.1.2 Homologación

O proceso de homologación do camión frigorífico – isoterma deberá cumprir co Real Decreto 237/2000 do 18 de febreiro, no que se recollen as especificacións técnicas que deben cumprir os vehículos especiais para o transporte terrestre de produtos alimentarios a temperatura regulada e os procedementos para o control de conformidade coas especificacións.

O proceso completo de homologación constará de tres etapas:

- Realización do Informe H
- Superación das probas ATP
- Revisión I.T.V

O informe H deberá ser a empresa realizadora da carrozaxe a encargada da súa realización, é unha autorización que faculta a realización de transformacións parciais sobre vehículos non matriculados. Dito informe segue o establecido no Real Decreto 2028/1986 e terá que ser evaluado por un laboratorio capacitado antes da presentación deste ante o Ministerio de Industria que outorgará o certificado de vehículo completo trala carrozaxe do camión no caso de que as probas realizadas fosen superadas correctamente.

Será necesario cumprir as seguintes directivas para a elaboración do Informe H:

- Directiva 2008/89/CE e Regulamento CEPE/ONU 48R04 sobre a instalación dos dispositivos de alumado e sinalización luminosa dos vehículos a motor e dos seus remolques.
- Directiva 2010/19 que regula a seguridade, resistencia, fixación e emprazamento dos dispositivos antiproxeccións.
- Directiva 2006/20 e Regulamento 58 CEPE/ONU sobre o emprazamento e a instalación dos dispositivos de protección traseira.
- Directiva 89/297 e Regulamento CEPE/ONU 73 R sobre o emprazamento e instalación dos dispositivos de protección lateral.
- Directiva 70/222 e Regulamento (UE) 1003/2010 sobre o emprazamento e visibilidade da placa traseira de matrícula.

Por outro lado, a superación favorable das probas ATP (“Autorización de Transporte de Perecedeiros”) é outro requisito indispensable que terá que cumprir o camión para poder proceder a súa homologación. A realización destas probas ten como obxectivo a comprobación de que o sistema de illamento, materiais, equipo seleccionado... cumpren ca normativa para a que foi destinada a súa fabricación. A realización destas probas consistirá na introdución deste camión co furgón instalado nun túnel no que se comprobará o valor do coeficiente K obtido e que este cumpra ca normativa establecida no BOE-A-1998-17183 para furgóns isotermos normais xa que neste caso

como o camión destinase ó transporte de iogurt a temperaturas positivas (4° C) é considerado como vehículo refrixerado. O valor máximo do coeficiente K permitido para este tipo de furgón segundo está recollido no BOE-A-1998-17183 é de 0.7 W/m<sup>2</sup>\*K.

Unha vez obtido o Informe H e superadas as probas ATP continuase o proceso de homologación ca última etapa deste. A Inspección Técnica de Vehículos (I.T.V) consiste na superación dunhas probas que determinarán se o vehículo no seu conxunto é apto para a súa circulación de maneira legal por vía pública. Nesta proba revisaranselle aspectos tales como sistemas de ancoraxe do furgón ó chasis, iluminación exterior,... Todas as comprobacións realizadas terán que cumprir co Real Decreto 237/2000.

Trala posta en carreta do camión este non deixará de quedar exposto a revisións periódicas, as correspondentes a I.T.V realizaranse segundo a periodicidade establecida para este tipo de vehículos que correspóndese con revisións anuais ata os 10 anos de antigüidade e posteriormente revisións cada 6 meses.

Con respecto ás revisións ATP, a primeira despois da súa homologación realizarase os 6 anos e a partir desta cada 3 ata unha idade máxima de 21 anos útiles a partir do cal dito furgón terá que deixar de ser empregado para o transporte de mercadorías perecedeiras tal e como establece actualmente o Real Decreto 237/2000. Dita periodicidade de revisións ATP e vida útil dos furgóns destinados o transporte isoterma- frigorífico verase modificada a partir do 1 de xullo de 2021 no que entrará en vigor unha nova normativa ICT 370/2021 que derrogará o Real Decreto mencionado anteriormente establecendo novos períodos de vida útil e novas fechas de revisións e probas a realizar para que o furgón poida ou no conservar a súa identificación segundo o tipo de transporte o que está capacitado.

### **2.1.3 Normas xerais de obrigado cumprimento**

- **Real Decreto 237/2000, de 18 de febreiro**, polo que se establecen as especificacións técnicas que deben cumprir os vehículos especiais para o transporte terrestre de produtos alimentarios a temperatura regulada e os procedementos para o control de conformidade coas especificacións. Entrará en vigor o 1 de xullo de 2021 unha nova orde que derrogará o citado Real Decreto e será a ICT 370/2021 e regulará as mesmas competencias.

- **Real Decreto 2028/1986, de 6 de junio**, polo que se dictan normas para a aplicación de determinadas Directivas CEE, relativas a homologación de tipos de vehículos automóviles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas de ditos vehículos.

- **Directiva 2008/89/CE e Regulamento CEPE/ONU 48R04** sobre a instalación dos dispositivos de alumado e sinalización luminosa dos vehículos a motor e dos seus remolques.

- **Directiva 2010/19** que regula a seguridade, resistencia, fixación e emprazamento dos dispositivos antiproxeccións.
- **Directiva 2006/20 e Regulamento 58 CEPE/ONU** sobre o emprazamento e a instalación dos dispositivos de protección traseira.
- **Directiva 89/297 e Regulamento CEPE/ONU 73 R** sobre o emprazamento e instalación dos dispositivos de protección lateral.
- **Directiva 70/222 e Regulamento (UE) 1003/2010** sobre o emprazamento e visibilidade da placa traseira de matrícula.
  
- **Real Decreto 2483/1986, de 14 de novembro**, polo que se aproba a Regulamentación Técnico-Sanitaria sobre Condicións Xerais de Transporte Terrestre de Alimentos e Produtos Alimentarios a Temperatura Regulada.
- **Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro**, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.
- **Real Decreto 750/2010**, de 4 de xuño, polo que se regulan os procedementos de homologación de vehículos de motor e os seus remolques, máquinas autopropulsadas ou remolcadas, vehículos agrícolas, así como de sistemas, partes e pezas dos devanditos vehículos.
- **Regulamento (UE) No 1230/2012 da comisión de 12 de decembro de 2012** polo que se desenvolve o Regulamento (CE) nº 661/2009 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta aos requisitos de homologación de tipo relativos ás masas e dimensións dos vehículos de motor e dos seus remolques e polo que se modifica a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello.
- **Directiva 2003/19/CE DA COMISIÓN de 21 de marzo de 2003** pola que se modifica, adaptándoa ao progreso técnico, a Directiva 97/27/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa ás masas e dimensións de determinadas categorías de vehículos de motor e dos seus remolques.
- **Directiva 2008/89/CE da Comisión, de 24 de setembro de 2008** , pola que se modifica, para adaptala ao progreso técnico, a Directiva 76/756/CEE do Consello, sobre a instalación dos dispositivos de iluminación e de sinalización luminosa dos vehículos a motor e dos seus remolques.
- **Regulamento No. 48 da Comisión Económica para Europa das Nacións Unidas (CEPE)** Disposicións uniformes relativas á homologación de vehículos no que respecta á instalación de dispositivos de iluminación e sinalización luminosa [2016/1723].
- **Directiva 2010/19/UE da comisión de 9 de marzo de 2010** que modifica, para adaptalas ao progreso técnico no ámbito dos sistemas antiproxección de determinadas categorías de vehículos de motor e os seus remolques, a Directiva 91/226/CEE do Consello e a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

- **Directiva 70/221/CEE do Consello, de 20 de marzo de 1970**, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados Membro sobre os depósitos de carburante líquido e os dispositivos de protección traseira dos vehículos a motor e dos seus remolques.
- **Decreto 3099/1977, de 8 de setembro de 1977** do Ministerio de Industria e Enerxía polo que se aproba o **Regulamento de Seguridade para Plantas e Instalacións Frigoríficas**, e rectificacións posteriores.
- **Orde de 29 de novembro de 2001**, pola que se modifican as instrucións técnicas complementarias MI-IF-002, MI-IF-004 e MI-IF-009 do Regulamento de Seguridade para Plantas e Instalacións Frigoríficas.
- **Orde CTE/3190/2002, de 5 de decembro**, pola que se modifican as Instrucións Técnicas Complementarias MI-IF002, MI-IF004 e MI-IF009 do Regulamento de Seguridade para Plantas e Instalacións Frigoríficas.
- **Real Decreto 138/2011, de 4 de febreiro**, polo que se aproba o Regulamento de Seguridade para Instalacións Frigoríficas e as súas instrucións Técnicas Complementarias.
- **Real Decreto 168/1985**, no que se aproban as condicións de almacenamento frigorífico dos alimentos.
- **Real Decreto 486/1997, de 14 de abril**, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

## **2.2 Prego de condicións técnicas particulares**

### **2.2.1 Prescricións técnicas dos materiais e execución**

É o prego onde se fai a descrición dos materiais e obras, regulando a súa execución, a forma en que as levarán a cabo e a forma de medición das unidades executadas, o control de calidade e as obrigacións de orde técnica que deberá observar o contratista durante a execución da obra correspondente.

Se por omisión ou por decisión da Dirección Facultativa se tivese que facer uso dalgún material ou executar algunha unidade de obra non contempladas no presente prego de condicións técnicas particulares, será de obrigado cumprimento, por parte do Contratista das obras, as condicións referentes aos conceptos antes citados contidas no prego de condicións técnicas xerais.

Todos os materiais e equipos fornecidos polo contratista serán novos, normalizados no posible e de marcas de recoñecida calidade e garantía. A maquinaria, materiais ou calquera outro elemento, no que sexa definible unha calidade, será o indicado no Proxecto, e se o contratista propuxese un de calidade similar, deberá ser aprobado por escrito. Estes materiais e equipos levarán claramente especificadas as características principais e a marca do fabricante. Todos os traballos serán realizados por persoal cualificado, seguindo as técnicas máis modernas.

### **2.2.2 Control da recepción de materiais**

Os produtos, equipos e sistemas subministrados deberán cumprir as condicións que se especifiquen sobre eles nos diferentes documentos dos que consta o proxecto. Ademais, as súas calidades serán acorde ás diferentes normas publicadas con carácter complementario neste prego.

Teñen preferencia en canto á súa aceptación aqueles materiais que se atopen en posesión do Documento de Idoneidade Técnica que avale as calidades e emitido polos Organismos Técnicos recoñecidos.

### **2.2.3 Control da execución dos traballos**

O control da execución das instalacións realizarase de acordo coas especificacións técnicas do proxecto ou memoria técnica, e as modificacións autorizadas polo instalador habilitado ou o director da instalación, cando a participación deste último sexa preceptiva.

Comprobarase que a execución da obra se realiza de acordo cos controis establecidos no prego de condicións técnicas. Calquera modificación da instalación que puidese introducirse durante a execución da súa obra debe ser reflectida na documentación da obra.

### **2.2.4 Control da carrozaría rematada**

Co furgón rematado, ben sobre o seu conxunto ou ben sobre as súas diferentes partes, deben realizarse as comprobacións e probas de servizo previstas no proxecto ou memoria técnica ou ordenadas polo instalador habilitado ou o director da instalación, cando a participación deste último sexa preceptiva e as esixidas pola normativa vixente.

As probas da instalación efectuaranse pola empresa instaladora, que disporá dos medios humanos e materiais necesarios para efectuar as probas parciais e finais da instalación.

Os resultados das distintas probas realizadas a cada un dos equipos, aparellos ou subsistemas pasarán a formar parte da documentación final da instalación.

## **2.3 Prescricións técnicas da execución**

### **2.3.1 Condicións xerais da execución**

O propietario debe facilitar o camión sobre o que se realizará a carrozaría sendo o contratista o responsable de conservalo debidamente até a recepción do proxecto materializado.

Contractualmente, as obras iniciaranse e finalizaranse nos prazos previstos, incluíndo o traballo previo de reformulación, así como o de limpeza final da obra. Deben terse en conta os posibles días previstos para a corrección dos defectos que se sinalen na recepción provisional.

### **2.3.2 Riscos no desenvolvemento do proxecto**

A carrozaría será executada en canto ao seu prezo e prazos por risco do contratista, de modo que este non terá dereito a indemnización por perdas, avarías ou prexuizos.

Así, o contratista será responsable en caso de incendio, roubo, invasión, danos causados por efectos atmosféricos, inundacións, etc., debendo cubrir estes riscos mediante o seguro correspondente contratado.

O contratista debe necesariamente cumprir todos os regulamentos sobre condicións de seguridade no traballo, seguridade social, accidentes, etc., dispoñendo das pólizas de seguro correspondentes e cuxa exhibición poden esixir tanto o propietario como o director de obra.

### **2.3.3 Danos e prexuizos**

O contratista será responsable dos danos e prexuizos, directos ou indirectos, que se poidan ocasionar fronte a terceiros, como consecuencia tanto da obra como dos seus arredores, incluídos os ocasionados por omisión ou negligencia do persoal ao seu cargo, así como os que deriven dos subcontratistas que interveñan na obra.

É necesario realizar unha póliza de seguro para cubrir esas responsabilidades fronte a terceiras persoas en contía suficiente ao seu criterio, tendo en conta que o seu incumprimento será unicamente imputable ao contratista.

### **2.3.4 Incumplimento do programa de traballo**

Independentemente da fianza, o propietario, de acordo coa dirección facultativa da obra, pode reter até o 10% do importe das certificacións mentres as obras non se realicen respecto á puntualidade prevista no programa de traballos. Esta retención quedará sen efecto cando o contratista recupere o atraso e, en caso de non recuperarse, acumularase para responder ás multas establecidas e aos danos e prexuízos ocasionados polo atraso.

A aplicación desta cláusula queda á discreción da dirección facultativa, sen que iso poida afectar ao establecido contractualmente entre o propietario e o contratista.

### **2.4 Mantemento do furgón**

